



**Aprende xeoloxía**  
Sabías que o cobre fai que as moedas sexan reciclables e antibacterianas?

páxina 4

**Periodismo en la Escuela**

Última entrega con tres IES: de Moaña, A Coruña y Camariñas

página 6

**Concurso Mellor Xornalista**

Xa se coñecen os primeiros galardóns de Prensa-Escuela

páxina 5



## ELECCIÓN MUNICIPALIS

# É o momento de elixir alcalde

*Todos os municipios de España escollen este domingo os seus edís*

L. CANCELA

O vindeiro domingo celébranse as eleccións municipais en toda España. Seguro que estes días estás a ver moitos carteis pola rúa coa cara dos representantes políticos da túa cidade, vila ou lugar. Son os candidatos á alcaldía. Explicámosche como funciona.

**Que significa «municipais»?**

Ti dis «eu vivo en Vigo» ou «son de Monforte» ou «vivo nunha aldea de Ortigueira». Pois eses nomes son de municipios (tamén se chaman concellos e, en castelán, *ayuntamientos*). Son a organización institucional (é dicir, que ten institucións públicas) máis pequena do Estado; por enriba están as provincias, as comunidades autónomas e, por suposto, o Estado. O municipio ou concello está presidido (dirixido) por un alcalde elixido polos veciños maiores de idade. Iso é do que estamos a falar nestes días.

**Cantos concellos ten Galicia?**  
En Galicia hai 313 municipios.

**Que eliximos o domingo?**

España ten un sistema de representación da vontade do pobo, é dicir, vótase unha lista de representantes encabezada por unha persoa, é non só a esa persoa. Estas listas adoitan ser de partidos políticos, pero tamén de agrupacións menos organizadas ou locais. Cada concello ten un número de concelleiros segundo a súa poboación, e eses concelleiros forman a corporación, que é coma un pequeno Parlamento. O número de edís é proporcional ao de votos de cada lista. A corporación réunese nun pleno, e entre todos eles votan quen será o alcalde.

**Quen elixe ao alcalde?**

O alcalde ou alcaldesa non se dará a coñecer oficialmente ata 20 días despois das eleccións, cando os concelleiros da corporación voten nun pleno. Só poden presentarse a alcalde aqueles que son cabeza de lista de cada papeleta. Ou, o que é o mesmo, a persoa



Ilustración: Pinto & Chinto

que aparece nos carteis que vemos pola rúa.

**Quen ten máis postos goberna?**

Poden pasar dúas cousas: que

unha lista teña maioría absoluta, é dicir, a metade máis un dos concelleiros da corporación, e poida elixir alcalde o seu líder sen contar cos demais; ou que ninguén teña maioría absoluta. Entón pon-

se en marcha algo semellante a un sistema parlamentario: a cuestión é sumar máis da metade dos votos da corporación, aínda que sexan de partidos diferentes. Por iso hai alcaldes que gobernan co apoio de dous, tres ou mesmo cinco partidos.

### ACTIVIDADE PARA A CLASE

#### VOTACIÓNS NA AULA

Chegaron as eleccións á vosa clase; isto significa que é o momento de elixir o novo alcalde de entre todos os que formades parte da aula. Por grupos, con igual número de participantes, debedes formar un partido político. Elixide un nome e establece unha serie de propostas que poderían mellorar a vosa cidade, vila ou lugar. Poden ser de tres a cinco. Tamén tedes que escoller a un portavoz para presentar o voso

programa diante de todos, que será o futuro candidato ou candidata a alcalde. Despois, debedes votar. Para repartir o número de concelleiros por cada grupo, podedes utilizar unha regra de tres: en total ten que haber 20 concelleiros. Logo de repartidos os postos, o pleno resultante terá que elixir o alcalde.

-----  
Esta actividade está deseñada por L. Cancela

28M

## Comicios autonómicos na maioría das comunidades

Este domingo, coñecido como 28M, non só se celebran as eleccións municipais de todos os concellos, senón que 12 comunidades autónomas, de 17 que hai en total, tamén elixen o seu Goberno rexional. En concreto, son Aragón, Asturias, Canarias, Illas Baleares, Cantabria, Castela-A Mancha, Comunidade de Madrid, Comunidade Valenciana, Extremadura, A Rioxa, Navarra e Rexión de Murcia, así como as cidades autónomas de Ceuta e Melilla. Exclúense as comunidades históricas (Andalucía, Cataluña, Galicia e País Vasco) e Castela e León, que adiantou os seus comicios. O feito de que Galicia sexa unha comunidade histórica significa que antes de que comezase a guerra civil en España (1936-1939) xa tiñamos votado un estatuto de autonomía.

### MÁIS POLÍTICA

## As deputacións, órganos de unión entre concellos de cada provincia

Mentres que os concellos son o goberno de cada municipio, as deputacións son os órganos de goberno de cada provincia. Por exemplo, en Galicia están as deputacións da Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense. A súa composición depende dos resultados das eleccións municipais. As candidaturas á deputación organízanse en partidos xudiciais (un mesmo xulgado tramita casos de varios concellos), que agrupan a distintos municipios. Así, a cada partido xudicial correspóndelle un número determinado de postos. Ademais, o número de deputados varía en función dos residentes de cada provincia. A deputación encárgase de apoiar con servizos públicos aos pequenos municipios, así como de coordinar cuestións entre comarcas, que poden ser de transporte, estradas ou infraestruturas.

## A DECISIÓN DO POBO

## Cada institución ten as súas eleccións

*En cada convocatoria participan unha serie de partidos políticos que aseguran que a maioría das ideas estean representadas*

L. CANCELA

Sabedes de onde vén a democracia? Da antiga Grecia, que foi a primeira civilización en instaurala, no século VI antes da nosa era. Democracia significa 'poder do pobo'; foi inventado pola cidadanía de Atenas para referirse a unha estrutura de Goberno na que as decisións non eran tomadas por un emperador ou rei, senón polo pobo (daquela pobo só eran os homes, non as mulleres, libres).

Hoxe en España o sistema electoral garante que a vontade de todos os cidadáns elixa aos representantes das distintas Cámaras en cada unha das unidades territoriais nas que se divide o Estado. Así, existen catro tipos de eleccións principais: as xerais, as autonómicas, as locais e as europeas.

Todo iso é posible a través de partidos políticos, que son entidades creadas para canalizar a vontade da xente e se consideran un instrumento fundamental para incentivar a participación. Así, propoñen candidatos para



Unha mesa electoral de A Cachada (Boiro) nas eleccións autonómicas do 2020. Foto: Carmela Queijeiro

ocupar os cargos públicos de elección, como os concelleiros, os deputados ou os senadores.

Hai partidos de esquerdas, de dereitas e de centro. Por regra xeral, a esquerda promove unha maior intervención do Estado para compensar as desigualdades sociais; a dereita, aínda en-

tendendo o papel regulador do Estado, defende o protagonismo do libre mercado, di que a competencia entre particulares é a mellor forma de xerar riqueza e prefire que o Estado interveña menos. Pola súa banda, os de centro sitúanse no punto intermedio do campo político, e

en función da formación, establecen matices aos ideais de esquerda ou de dereita.

Támén hai outros partidos, como os nacionalistas ou ecologistas, centrados sobre todo en reivindicar unha cousa (a independencia ou a sostibilidade) para o seu territorio.

## PALABRAS CLAVE

## Termos que debes coñecer

Entender o que se di nas eleccións pode ser difícil se vos perdedes á hora de usar unhas palabras ou outras. Esta lista contén os termos máis empregados durante estas semanas. Podedes engadir algún outro?

■ **Comicios.** Sinónimo de eleccións. Trátase do mecanismo mediante o cal a poboación elixe os seus representantes políticos.

■ **Votos en branco e nulo.** O voto en branco é o que elixe unha persoa que está de acordo co sistema electoral pero decide non depositar a súa confianza en ningún. O voto nulo é aquel que as autoridades eliminan do recuento, o que pode deberse a que se entregue nun sobre non oficial, a que no seu interior contese dúas papeletas, ou que presente rascos ou debuxos, por exemplo.

■ **Voto por correo.** Mecanismo de votación oficial por envío postal que permite depositar o voto a aqueles que están fóra do territorio pero pertencen a el.

■ **Enquisa.** Cuestionario dirixido a un conxunto de persoas que forma unha mostra representativa dun grupo demográfico. Permite coñecer a súa opinión sobre certas materias.

■ **Sondaxe.** É un estudo que permite estimar a intención de voto dos electores antes dunhas eleccións. Pode utilizar distintas ferramentas, como enquisas por teléfono, entrevistas en persoa, enquisas en liña, segmentación ou estudos de redes, entre outras posibles.

■ **Listas cremalleira.** Son as candidaturas electorais que alternan entre sexo feminino e masculino ata finalizar. Quen as utiliza defende que este tipo de listas evitan que as cotas na política sexan simbólicas.

■ **Escrutinio.** É o recuento de votos dunha elección.

■ **Xunta electoral.** Son os órganos da Administración electoral a distintos niveis (municipal, autonómico ou central), e está formada por vogais xudiciais e xuristas nomeados polas candidaturas e cun obxectivo: garantir a transparencia do proceso electoral e o principio de igualdade.

## AUTONÓMICAS

## Responsables da saúde e a educación

## Que eliximos?

**Parlamento galego.** Os cidadáns votan os representantes da súa provincia e o número de elixidos varía en función da poboación de cada territorio. En total hai 75 escaños no Parlamento galego.

## Quen pode votar?

**Maiores de idade.** Todos os galegos de 18 anos ou máis poden facelo en persoa ou por correo (físico, non electrónico).

## Como se nomea ao presidente?

**No Parlamento.** O candidato terá que obter ou ben maioría absoluta na primeira votación no Parlamento ou ben maioría simple 24 horas despois. A continuación será nomeado polo rei.

## Canto tempo dura a lexislatura?

**Mesmo goberno.** Catro anos, pero se pode adiantar as eleccións. Faise cando hai unha crise importante ou, se gobernan varios partidos, cando a coalición racha.

## Como me afecta?

**Varias funcións.** As comunidades teñen moita importancia. Xunto co Goberno central constrúen e xestionan infraestruturas, colexios, hospitais e residencias de maiores.

## ESTATAIS

## As leis que marcan dereitos e deberes

## Que eliximos?

**Cortes Xerais.** Os representantes que forman as Cortes Xerais: o Congreso dos Deputados (son 350 deputados ou parlamentarios) e do Senado (265 senadores).

## Quen pode votar?

**Votan os maiores de idade,** tanto se viven en España como no estranxeiro a través dos consulados ou por correo.

## Como se nomea ao presidente?

**Maioría.** O candidato á presidencia do partido con máis opcións sométese á votación do Congreso. Se obtén maioría absoluta, é elixido sen obstáculos. Se non, debe pactar con outros para chegar a un acordo e contar cos seus votos (ou que non lle voten en contra). É nomeado oficialmente polo rei.

## Canto tempo dura a lexislatura?

**O mesmo que as autonómicas.** Catro anos, pero pode adiantarse se hai unha crise moi grave de Goberno, por exemplo.

## Como me afecta?

**Dereitos e deberes.** Aínda que o Estado goberna en colaboración coas comunidades, no Congreso débense as grandes leis que afectan aos nosos dereitos e deberes.

## EUROPEAS

## Equiparar a vida en toda a Unión

## Que eliximos?

**Europarlamento.** Son as maiores eleccións internacionais do mundo. Os europeos escollén aos 705 deputados que formarán parte do Parlamento de Europa.

## Quen pode votar?

**Obrigatorio nalgúns países.** Poden votar todos os europeos, tanto no seu país de orixe como no que residan. Hai países que obrigan a facelo, como é o caso de Chipre, Grecia ou Bélxica. Desde España tamén é posible votar por correo (físico).

## Como se nomea ao presidente?

**Maioría.** A presidencia é elixida pola maioría absoluta do Parlamento, entre os seus membros.

## Canto tempo dura a lexislatura?

**Máis tempo.** Cinco anos. Non se adianta.

## Canto me afecta?

**Decisións comunitarias.** O Parlamento Europeo ten moitas funcións, sobre todo crear as bases para que a vida en todos os países sexa similar e protexer aos veciños. Crea leis de seguridade alimentaria, apoio económico, revolución verde da enerxía ou eliminación de barreiras de todo tipo.

HEMEROTEC 

# Así naceu a festa das Letras

*A Real Academia Galega instituíuna en 1963, cen anos despois da publicación dos «Cantares gallegos»*

CARLOS OCAMPO

O Día das Letras Galegas ofrece algunhas coincidencias que fixeron deste 2023 un ano especial. Haberá quen pense que o feito de que fose o sexaxésimo, un aniversario redondo, non debería facer que a celebración fose máis especial que a do cuadraxésimo terceiro, por exemplo, e perdoando o dos ordinarios escritos así, para que os repasesdes. O que non ten dúbida é que especial si foi o persoeiro a quen se dedicou: Francisco Fernández del Riego. El dixu, e ningún llo desmentiu, nunha entrevista: «A conmemoración das Letras Galegas inventeina eu».

Podedes contextualizar as súas palabras na entrevista que Beña R. Sotelino lle fixo, precisamente con este titular, o 10 de maio do 2000. Cando a xornalista lle pregunta como se elixe o persoeiro das Letras de cada ano, Del Riego explícalle que xa nese momento, coma agora, era por votación, pero que os primeiros os escollera el: «O Día das Letras Galegas inventeino eu no ano 1963. En España existía o Día do Libro conmemorando a morte de Cervantes e eu pensaba que a cultura galega debía ter o seu día. Faltábame a base histórica e ocorrúeme a data do centenario da publicación de *Cantares gallegos*, a do exemplar encontrado en Vigo, dedicado a Fernán Caballero e datado un 17 de maio». Ese ano, xa non volo digo, o persoeiro foi, precisamente a autora do libro, Rosalía de Castro.

Sigamos con outra coincidencia. O ano daquela entrevista, o 2000, as Letras dedicábenselle ao home de Rosalía, Manuel Murguía, e este ano estamos a lembrar o seu pasamento, que foi o 2 de febreiro de hai exactamente un século.

E con esta lotaría non hai outra que falar de como foi ese invento de Del Riego.

La Voz contouno así, baixo o titular «El Día de las Letras Galegas se celebrará todos los años el 17 de mayo. En recuerdo de la publicación de los *Cantares gallegos*, de Rosalía» (3 de maio



**NA PRIMEIRA PÁXINA**

A ofrenda a Manuel Murguía, un dos actos principais da festa, no xornal do día seguinte

efemérides. En principio y por lo que se refiere al año actual quedó fijado el programa a realizar, que será anunciado oportunamente».

Para gozar de oficialidade, o acordo académico precisaba da aprobación do Ministerio de Información, da que se deu noticia o 5 de maio, xunto co ofrecemento de colaboración do Instituto Nacional del Libro.

**O día de Rosalía**

E chegou o primeiro 17. La Voz ofreceu unha considerable cobertura, presidida pola imaxe dun acto que se celebrara a véspera en Porto: unha ofrenda floral nun monumento a Rosalía que contou coa asistencia da única filla viva da escritora, Gala. Incluía ese día o xornal os actos anunciados para o 17, entre eles este: «A la una de la tarde, ofrenda floral de la Real Academia Gallega en la tumba de don Manuel Murguía, esposo ilustre que fue de la cantora del Sar alantador de su obra imperecedera».

Ao día seguinte, o xornal falou dos actos máis sinalados. Na primeira páxina, coa fotografía da ofrenda a Murguía, destacaba a «Brillante velada literaria de la Real Academia Gallega en la Reunión de Artesanos», presidida por un «un retrato fidelísimo de Rosalía». Neste acto, o profesor Varela Jácome fixo «un análisis profundo y certerísimo de la temática y formas de versificar que aparecen en los *Cantares gallegos*, extendiendo luego su estudio a los otros dos libros de versos de la autora, *Follas novas* y *En las orillas del Sar*».

Unha delegación da RAG visitou a Gala Murguía, «hija única superviviente de Manuel Murguía y Rosalía de Castro, el impar matrimonio que tanta gloria dio al país galaico».

de 1963). Daquela presidía a Real Academia Galega Sebastián Martínez Risco, e a noticia, entre outros asuntos amais do que nos ocupa, menciona «la recepción del numerario electo don Álvaro Cunqueiro Mora». Tras citar unha serie de asuntos relativos a falecementos de académicos e propostas e ingresos de outros, conta así o que nos interesa:

«Fue dada a conocer una interesantísima proposición que suscriben los numerarios señores Fernández del Riego, Gómez Román y Ferro Couselo en relación con el centenario de la publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, que se cumple el 17 de mayo.

»En su vista, la asamblea acordó declarar Día de las Letras Gallegas el 17 de mayo de cada año, a partir del presente, que la Academia celebrará con la máxima solemnidad, recabando la colaboración de las instituciones culturales del país y la de todos los Centros Gallegos del mundo para mayor realce de tan señalada

**PARA SABER MÁS**

Los suscriptores pueden acceder a la Hemeroteca de La Voz desde [lavozdegalicia.es/hemeroteca/](http://lavozdegalicia.es/hemeroteca/). Un consejo: para tener éxito en la búsqueda, utiliza los cuadros que permiten accotar las fechas.

## GUÍA DO PROFESOR



As eleccións municipais deste domingo son un tema interesante para desenvolver o sentido crítico. Foto: Óscar Cela

# As dez estratexias da lectura crítica

*A lectura do xornal debe superar a simple acumulación de datos e acontecementos*

JESÚS GARRIDO



O estudo e o traballo coas noticias na escola non queda no simple coñecemento de datos, de saber que está pasando no mundo e xa está, vamos a outra cousa, senón que debe converterse en reto e axuda para lograr mellores actitudes cidadás. Como? Están identificadas dez estratexias para pasar a unha lectura crítica do periódico, que son as seguintes.

- 1 | O xornal axuda a formar un pensamento independente.
- 2 | Equilibrio egocentrismo-sociocentrismo: como podemos conseguilo?
- 3 | Axuda a ter en conta o punto de vista dos demais.
- 4 | Probablemente, cada idea está detrás dun sentimento e cada sentimento detrás dalgunha idea que temos.
- 5 | É norma xornalística que, para afirmar algo, é necesario estar ben informados e, men-

tres tanto, suspender o xuízo en espera de atopar novos datos.

- 6 | A pesar de todo e de todos, a prensa foi moitas veces un bo exemplo desta estratexia afectiva: defender o que un pensa.
- 7 | A coherencia entre o que se di e o que se fai é digno de primeira páxina: ás veces os xornais presentan algún exemplo notable diso.
- 8 | Os inventos teñen sempre un lugar para a noticia, pero a estratexia dos inventores é a persistencia ata lograr o obxectivo.
- 9 | Os acordos, os pactos, a paz son sempre froito do poder da razón.
- 10 | A lectura e a análise do xornal na aula axuda a entender os contidos e actitudes da sociedade na que vivimos e a nosa colaboración ao seu mellor desenvolvemento.

Chegou o teu momento: aplica estas dez estratexias ás noticias de hoxe e tira de ti o gran crítico que levas dentro.

**Soluciones**

Punto de vista: 4  
Cuenta cubos: 34

**Cuadros falsificados**

**Romanos encendidos**

VII → II = V  
V + I = VI

**Sherlock**

**Flor de palabras**

SECUAZ | OSCURO  
BÁCULO | FÉCULA

**Roscas heredadas**

1: ETIQUETA  
2: AULLIDOS  
3: DESNIVEL  
4: INDECISO



O día da entrega de premios.

APRENDE ECONOMÍA

## A Sangriña e Maristas de Lugo, premios da empresa familiar

Unha fábrica de caramelos ecolóxicos ideada por un grupo de estudantes de 4.º de ESO do colexio Maristas de Lugo e unha cafetería de temática *vintage* deseñada por tres alumnos de segundo de bacharelato do IES A Sangriña, da Guarda, foron os gañadores da terceira edición do concurso Imaxina a túa Empresa, un galardón organizado pola Asociación Galega da Empresa Familiar. O obxectivo do programa é «fomentar a inquietude por facer algo teu: crear unha empresa, crear futuro», dixeron os responsables do proxecto.

A. LITERATURA

## Os nenos de Escolas Católicas elixen os mellores libros

Os premios literarios Frei Martín Sarmiento, que organiza Escolas Católicas, entregaron os seus galardóns, que foron votados polos rapaces, uns 3.000 nenos. Este ano gañaron: *Diferentes, diferenzas*, de Silvia Penide e Emilio Urberuaga (ilustrador); *A pita xefa*, de Marta Lado e María Seoane (ilustrador); *Contra o reloxo*, de Carlos Labraña; *Rei, de Mónica Rodríguez; A cidade do átomo*, de Iria Misa; *Golpes de luz*, de Leticia Costas; e recoñécese o labor de tradución de Moisés Barcia (Sushi Books) sobre o libro *O paxaro burlón*, de Gerard Durrell. Sobre o premio de currametraxes Rec.curta, gañou *Amizade*, de Franciscanos de Lugo; *Moléculas*, do María Assumpta (Noia); e *Narcisos*, dos Salsianos da Coruña.

## APRENDE XEOLOXÍA

# Antibacterianas, reciclables e difíciles de falsificar: todo o que esconden as moedas

*Están feitas con diferentes aliaxes e en todas está presente o cobre*

C. MARTÍNEZ

Andan de man en man, telas no peto ou na carteira, pero de seguro que nunca paraches a pensar de que están feitas. Concretamente, as que nós usamos, as da zona euro, son creadas con diferentes minerais metálicos e aliaxes. Iso si, con especificacións técnicas moi avanzadas para dificultar a súa falsificación. Segundo apuntan dende o Banco de España, incorporan características electromagnéticas e de lectura automática, que son garantía de máxima seguridade. Pero, concretamente, de que está feita cada unha das nosas moedas?

**Os céntimos máis pequenos**  
Empezando polas de menor valor, as moedas de un, dous e cinco céntimos están feitas de aceiro recuberto de cobre. En realidade, este último é o gran protagonista, porque está presente en todas. E preguntáste por que. «Utilízase para as moedas porque é moi resistente e, se se molla, crea unha película por fóra que protexe o cobre. O sulfato de cor verde que se forma protéxelo», explica Fernando Díaz Riopa, director de minería e servizos técnicos de Atalaya Mining. De feito, o cobre utilízase nas tubaxes «porque é resistente á auga» e, ademais, «é condutor eléctrico, por iso se utiliza en cables, electrónica e comunicación».

Volviendo aos céntimos de menor valor, o aceiro achega tenacidade á moeda, mentres que o cobre evita a corrosión. E non só iso. Este último tamén é reciclable: «Pódese fundir de novo e volver para facer calquera cousa con el. Como, por exemplo, unha nova moeda».

Como curiosidade, cabe dicir que non todos os países da zona euro utilizan estas moedas. Por exemplo, Finlandia, Bélxica e os Países Baixos non utilizan nin emiten as de un e dous céntimos, e redondean á alza ou á baixa os prezos para que os consumidores non as necesiten.

**As de 10, 20 e 50 céntimos**

As moedas de dez, vinte e cincuenta céntimos, todas douradas, son froito dunha aliaxe de ouro nórdico, cobre e níquel. A pesar de que o nome pode levar a confusión, en realidade o ouro nórdico non leva ouro, nin sequera trazas deste. De feito, contén un 88 % de cobre, un 5 % de aluminio, un 5 % de zinc e o 2 % restante é de estano.

Como ves, unha vez máis, o co-

bre segue estando moi presente. Díaz apunta que outra vantaxe de facer as moedas deste metal é que «como é antifúnxico e antibacteriano, non transmite microorganismos prexudiciais para a saúde. De feito, é un tema do que se tratou moito coa pandemia do covid-19, de facer máscaras que tivesen fibra de cobre». Todas estas propiedades explican a razón pola cal, segundo afirma o experto, «se trata do terceiro metal máis usado do planeta, despois do ferro e do aluminio».

O cobre obtense de minerais como «a calcocita, a covelita e a calcopirita». O proceso de extracción é explicado polo experto da seguinte forma: «Normalmente, o que hai que facer é unha trituración, para que o mineral que vén da voadura da mina se vaia reducindo de tamaño. Despois faise unha moenda fina, para conseguir o tamaño de liberación da partícula de cobre». Prosegue un proceso de flotación físico-químico, con auga, aire e reactivos. «A partir de aí, espésase e filtrase ese concentrado, que leva cobre e máis metais (como o ferro). Isto

ten que ir a outro proceso metalúrxico, xa sexa pirometalúrxico ou hidrometalúrxico, e aí xa se obtería o cobre metal, o puro, para diferentes usos», engade Díaz. Entre esas utilizacións encóntrase o tema que nos compete: a fabricación de moedas.

**Moedas de un e dous euros**

Os euros esconden moitos secretos para os máis curiosos. Como, por exemplo, que incorporan particularidades nacionais de algúns dos países que comparten o seu uso. Todas teñen unha cara común, pero esta sufriu modificacións. O reverso da maioría das moedas de euro só incorporaba os países que formaban parte da Unión Europea en 1997. Pero tras as sucesivas ampliacións, no ano 2007 estableceuse un novo deseño. Nel aparece todo o continente sen fronteiras e, ademais, in-

clúe a Malta e Chipre.

O símbolo € foi elixido pola Comisión Europea en 1996 xuntando a letra épsilon (a quinta do alfabeto grego), inicial de Europa, con dúas liñas paralelas, como indicativo da súa estabilidade. Así, a cultura helena está presente na propia concepción da divisa. Outra singularidade é que os gregos son os únicos europeos que contan con estas moedas, pero que non as coñecen como euros. Como utilizan un alfabeto diferente, a súa denominación tamén cambia e escríbese «EYP» xunto coa letra omega. Pola súa banda, o céntimo, coñécese como *lepton*.

As moedas de un e dous euros están fabricadas con diferentes aliaxes. A parte exterior da de un euro e a interior da de dous (é dicir, a parte dourada) son dunha aliaxe composta por níquel e latón, e este último é unha aliaxe de cobre e zinc. «Cando se mestura o cobre co zinc e o níquel, o resultado é alpaca [tamén coñecida como prata alemá], que antigamente se utilizaba para os utensilios de cocina», indica Díaz. Si, mesturando os mesmos metais o resultado é diferente. E preguntáste: como é posible? Polas proporcións, que lle dan unha cor dourada ao níquel-latón, porque ten mellor calidade cá alpaca por ter máis níquel. Ademais, a pesar de que o níquel-latón é caro, este se utiliza para a cunaxe de moedas porque as fai máis resistentes e máis difíciles de falsificar. Se, polo contrario, nos centramos na parte prateada destas moedas (a exterior das de dous euros e a interior das de un), esta é fabricada con cuproníquel, unha aliaxe de cobre e níquel que soe ser nunha proporción dun 75 e un 25 %, respectivamente. Desta forma, resulta interesante que, a pesar da gran proporción de cobre que contén, esta sexa prateada.

Por último, cabe mencionar que existen moedas de euro distintas das oficiais. Os Estados da Unión Europea poden facer emisións destinadas a coleccionistas. Teñen un valor distinto e só son válidas nese país que as fabrica. Por exemplo, en España, existen moedas de 12 euros que foron emitidas para conmemorar importantes datas da historia.

Debes unir correctamente as familias de compoñentes e xerar unha figura como a do exemplo

## Minería e moedas

As moedas da eurozona fabricanse segundo especificacións técnicas avanzadas con minerais e aleaxes que dificultan a súa falsificación

Solucións ao puzzle de moedas  
**1** 28, 29 e 30    **2** 13, 29 e 79    **3** 26 e 29

Información elaborada en colaboración coa Cámara Mineira de Galicia.



O.A.

CONCURSO MELLOR XORNALISTA INFANTIL E XUVENIL

# A realidade a través dos ollos infantís

*O xurado tivo un labor difícil para escoller oito entre os case mil traballos presentados. A actualidade que chega ás aulas co xornal volve convertida en pezas para o recordo*

Catro xornalistas e unha das responsables do programa Prensa-Escuela formaron a pasada semana o xurado da edición número 19.<sup>a</sup> dos premios Mellor Xornalista Infantil e Xuvenil, nos que lles pedimos aos alumnos que fagan súa a actualidade a través de debuxos, entrevistas ou opinións. Foron mil traballos e os premios son só para oito, cun grupo de cabeza moi numeroso, polo que poderían ser outros os galardoados. En todo caso, o resultado é a suma dos votos (1, 3 e 5) que o xurado lle dá a cada traballo.

Formaron parte do grupo lector o subdirector de La Voz, César Casal; a redactora xefa de Opinión, Sofía Vázquez; a xefa de Suplementos, Sandra Faginas; unha das responsables do programa Prensa-Escuela, María García de Dios; e a xornalista membro do equipo de La Voz de la Escuela Sara Pérez.

Como adoita ocorrer nestes encontros, a fase final de deliberacións foi moi intensa, e algúns premios, moi axustados. En infantil, por exemplo, a gañadora tivo 14 puntos, e a segunda, 12; que ambas foran alumnas da mesma clase tamén xerou a análise do xurado, que decidiu manter a súa postura para non danarlas por iso.

